

Recomendación á consellería de Infraestruturas e Mobilidade de facer un seguimento do cumprimento dos horarios e da velocidade dos autobuses interurbanos da liña Monforte-Lugo e suxestión de avaliar unha actualización das condicións de transporte interurbano en relación ao número de persoas usuarias que poden ir de pé

Expediente: L.4.Q/14770/23

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2023

Sra. conselleira:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención don XXX, en relación ao servizo de transporte público entre Láncara e Lugo.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos a falta de seguridade e de prazas na liña Monforte-Lugo, concretamente na liña nas 7:00 da mañá. Moitos rapaces e rapazas véñense na obriga de ter que ir de pé, co conseguinte perigo que supón esta situación. E moitas familias, ao ver que non se da resolto o tema, optan por levar eles nos seus vehículos aos rapaces e rapazas porque non queren correr o risco de que vaian de pé no bus.

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nola remitiu co seguinte contido:

Os servizos sinalados pertencen á concesión XG648 - Monforte de Lemos - Sarria - Lugo, con anexos do Plan de Transporte Público de Galicia. En concreto, trátase da expedición XG64802501001 da liña Monforte E.A. - Hospital HULA.

Dende o día 13 de setembro de 2023 detectouse na antedita expedición un incremento de demanda relacionado co inicio do curso escolar. Así, no mes de setembro viaxaron nese servizo unha media de 73 persoas/día, 12 persoas mais que nas mesmas datas en 2022.

Para garantir a atención de toda a demanda de persoas usuarias, o 21.09.2023 o operador lembroulle ao condutor que o autobús que realiza dito traxecto dispón de prazas de pé, polo

que pode permitir que certo número de persoas vaian de pé ata o límite de capacidade do vehículo.

Ademais o 26.09.2023, o Servizo de Mobilidade de Lugo mantivo unha reunión co operador na que se acordou facer un seguimento específico da expedición XG64802501001, polo que lle requiriu que remitise diariamente os datos de ocupación dos servizos.

Dese traballo de seguimento específico e da análise dos rexistros de demanda dos meses de setembro e outubro obsérvase que os servizos están atendendo toda a demanda, sen chegar a alcanzar o límite de prazas dos vehículos asignados.

Así, dende o 11 de setembro dita expedición realízase con vehículos de 65+29 prazas totais, entre asentos e prazas de pé, levando desde esa data unha media de 71 persoas no total do percorrido. A maior parte delas viaxaron con destino Lugo e só 3 persoas, de media, baixaron en municipios anteriores, principalmente en Monforte de Lemos e Sarria.

Asemade, para atender a demanda da primeira hora da mañá de Lánacara a Lugo existe outra expedición que pasa algo máis cedo, a XG64800901001 da liña Monforte E.A. - Lugo E.A., que chega á estación de Lugo sobre as 08:00 horas. Esta expedición rexistra unha demanda media de 38 persoas usuarias e véñse realizando con autobuses de 54 asentos, polo que conta a diario con capacidade dispoñible para transportar a máis persoas viaxeiras desta franxa horaria.

Ademais, o día 02.11.2023 celebrouse unha xuntanza entre a Xunta de Galicia, o Concello de Lánacara e a empresa concesionaria para abordar a situación dos servizos da primeira hora da mañá entre Lánacara e Lugo e o uso das prazas de pé, con base no seguimento realizado e nas condicións establecidas na normativa vixente.

Cómpre sinalar que a posibilidade de transportar persoas viaxeiras de pé está condicionada á homologación do vehículo e a circunstancias da circulación.

A homologación de prazas de pé nos vehículos de transporte de pasaxeiros por estrada recóllese no Regulamento número 36 sobre prescricións uniformes relativas ás características de construción dos vehículos de transporte público de persoas, anexo ao Acordo do 20 de marzo de 1958, relativo á adopción de condicións uniformes de homologación e ao recoñecemento recíproco da homologación de pezas e equipos para vehículos de motor. Este Regulamento autoriza que os autocares interurbanos de clase II poidan transportar persoas viaxeiras de pé en curtos percorridos no corredor.

Ademais, no suposto de que nun vehículo viaxen pasaxeiros de pé porque así estea autorizado, a velocidade máxima en vías convencionais será de 80 quilómetros por hora, conforme ao que establece o Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se

aproba o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo.

Polo exposto, o uso de prazas de pé na expedición XG64802501001 axústase á normativa.

Por último, cómpre sinalar que no horario de primeira hora da mañá, as persoas usuarias dispoñen dun servizo só 25 minutos antes da expedición estudada, isto é, con saída ás 6:35 horas da Estación de Autobuses de Monforte e que realizada un percorrido análogo. Deste xeito, considérase que tanto as frecuencias actuáis dos servizos como a capacidade dos vehículos que os prestan son adecuadas.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. A queixa trae causa do desacordo do interesado, en calidade de alcalde de Lánacara, coa modificación dos horarios do transporte público que une Lánacara con Lugo, dun xeito especial nas liñas das primeiras horas da mañá, as máis utilizadas por mozos e mozas que cursan estudos de bacharelato, FP ou van á universidade a Lugo. Cómpre lembrar que o concello conta cun centro integrado de ensino infantil, primario e secundario pero non con bacharelato nin con centros de FP.

O escrito de queixa acompáñase con seiscentas sinaturas apoiando a reivindicación de recuperar os horarios existentes, actas plenarias co acordo unánime de todos os grupos municipais no mesmo sentido, actas de reunións do goberno municipal con persoal técnico da consellería na definición das rutas de transporte necesarias (2018), cuestionario remitido desde o concello á consellería a raíz do deseño do novo Plan de Transporte Público de Galicia, alegacións presentadas polo concello a dito Plan así como a resposta da consellería.

Así mesmo, o concello achegou documentación audiovisual na que se apreciaba o corredor dun autobús con viaxeiros de pé así como sentados nas escaleiras de acceso á porta media do bus. O vídeo foi remitido á consellería. Achegouse tamén captura de pantalla de distintos teléfonos con GPS amosando que o autobús desprazábase a velocidades por riba dos 80 kms por hora.

No informe achegado pola consellería sinálase que a empresa concesionaria cumpre coa lexislación vixente transportando viaxeiros de pé, amparada polo Regulamento anteriormente indicado. Así mesmo, expónse no informe a capacidade para transportar persoas sentadas e de pé, o número medio de persoas usuarias que utilizan a liña en cuestión e a existencia doutras frecuencias que dan servizo en horarios similares.

SEGUNDA. O Regulamento número 36 sobre prescricións uniformes relativas ás características de construción dos vehículos de transporte público de persoas, anexo ao Acordo do 20 de marzo de 1958, relativo á adopción de condicións uniformes de homologación e ao recoñecemento recíproco da homologación de pezas e equipos para vehículos de motor, publicado o 6 de abril de 1983, sinala no seu punto 2.1.2:

Por (clase II), un vehículo concibido e equipado para transporte interurbano; estes vehículos non dispoñen de prazas destinadas especialmente para viaxeiros de pé, pero poden transportar este tipo de viaxeiros en curtos percorridos no corredor de circulación.

No artigo 48-1.b do Regulamento Xeral de Tráfico advírtese que:

“(..) No caso de que nun autobús viaxen pasaxeiros de pé porque así estea autorizado ou no caso de que o autobús non estea dotado de cinto de seguridade, a velocidade máxima en vías convencionais será de 80 quilómetros por hora.

Algunhas comunidades autónomas como Baleares ou Andalucía teñen lexislado limitando ou mesmo prohibindo o número de persoas que poden viaxar de pé nun autobús interurbano. Así, por exemplo, a regulación en Andalucía limita a desprazamentos de 35 kms a posibilidade de transportar persoas de pé, nesas distancias a un 40% das autorizadas na ficha técnica.

A liña obxecto de queixa une Monforte con Lugo, separados por 65 quilómetros e, segundo informa a Administración, pode transportar 65 persoas sentadas e 29 de pé (non se informa por parte da consellería se é posible facelo ao longo de todo o traxecto), sendo o tempo empregado no percorrido de 1 hora e 30 minutos. Láncara dista aproximadamente 33 quilómetros de Lugo.

TERCEIRA. Tal e como se sinalou anteriormente, o Regulamento que ampara esta actuación foi publicado no ano 1983 e posteriormente modificouse nos anos 90. Os estándares de calidade dun servizo público esencial como o transporte público teñen variado moito nestes corenta anos, especialmente no que atinxe á seguridade das persoas viaxeiras e á seguridade viaria.

Exponse no escrito de queixa que unha parte das familias de menores que precisan este transporte para acudir aos centros educativos en Lugo, optan por levalos nos vehículos privados diante da perspectiva de que fagan o percorrido de pé e poidan ter algún contratempo, actuando así como un elemento disuasorio da utilización de transporte público.

Segundo se deriva da información achegada, a liña en cuestión é o convoi:

XG64802501 con saída de Monforte ás 07:00 h e chegada a Lugo ás 08:30 h

Existen outros dous convois que saen a primeira hora entre Monforte e Lugo:

XG64800901 con saída ás 06:35 e chegada ás 07:51 horas a Lugo

XG64802201 con saída ás 06:25 e chegada ás 07:55 horas a Lugo

A consellería informa do fluxo de pasaxeiros ás distintas horas e nos distintos convois. Desda información dedúcese que hai unha importante demanda, mantida especialmente ao longo do curso escolar, na liña das 07:00, probablemente porque sexa a que fai a chegada máis preto do horario de entrada nos centros educativos. A consellería sinala a posibilidade de utilizar outras frecuencias de “horarios parecidos” acomodando, en todo caso, a demanda á oferta da empresa.

A este respecto cómpre lembrar que foi precisamente a conexión con estes centros nos horarios de entrada e saída, como un dos requisitos sinalados como principais no documento do Plan de Transporte Público de Galicia e que no mesmo documento expone que “se aposta por mellorar a calidade de vida dos mozos e mozas galegos fomentando a mobilidade e o uso do transporte público”.

Finalmente, a propia Administración asumía como obxectivo da mellora do transporte público en Galicia, “fomentar as políticas de asentamentos de poboación nos ámbitos rurais para o que é imprescindible que se manteña unha oferta de transporte público atractiva como unha obriga de servizo público (..).Deste xeito preténdese reverter a tendencia ao decaemento progresivo de poboación (..)”.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería a seguinte recomendación:

- Levar a cabo un seguimento do cumprimento dos horarios e da velocidade dos autobuses interurbanos da liña Monforte-Lugo

E a seguinte suxestión:

- Avaliar, dentro da súa capacidade organizativa, unha actualización das condicións de transporte interurbano en relación ao número de persoas usuarias que poden ir de pé.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

